

Venres, 26 de xuño de 2020

Núm. 121

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MONDARIZ-BALNEARIO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

ACORDO DO PLENO DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO POLO QUE SE APROBA O ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CAMPAMENTOS URBANOS

Acordo do Pleno do Concello de Mondariz Balneario polo que se aproba o establecemento do prezo público pola prestación do servizo de campamentos urbanos.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Mondariz Balneario sobre establecemento e o acordo regulador de prezos públicos, cuxo texto íntegro se fai público, en cumprimento do artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO CAMPAMENTOS URBANOS

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

De conformidade co artigo 41 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establécese a presente ordenanza do prezo público pola prestación do servizo de campamento urbanos

Entendese por campamentos urbanos a efectos desta ordenanza a realización no concello de Mondariz Balneario de actividades lúdico-educativas que promovan a conciliación familiar.

Artigo 2.- Feito impositivo

Constitúe o feito impositivo deste prezo público, a prestación do servizo de actividade servizo de campamento urbanos para a realización de actividades lúdico-educativas que promovan a conciliación familiar.

Artigo 3.- Obrigados ao pago

Obrígase ao pago dos prezos públicos regulados nesta ordenanza, aquelas persoas que soliciten a inscrición nos campamentos descritas no artigo anterior da presente ordenanza que promova o Concello de Mondariz Balneario.



Venres, 26 de xuño de 2020

Núm. 121

As cotas líquidas pola efectividade destes prezos públicos recaerán sobre as persoas titoras das crianzas menores de idade.

A persoa obrigada ao pago deberá:

- Formalizar cantas declaracións e comunicacións esíxanselles para cada prezo público.
- Facilitar a práctica de comprobacións e inspeccións, así como a entrega dos datos, antecedentes e xustificantes que lles sexan solicitados.

Artigo 4.- Obrigación ao pago

A obrigación de pagar o prezo público regulador na presente ordenanza, nace no momento da inscrición ou matriculación na actividade que se vaia a realizar.

Artigo 5.- Cota

A contía do prezo público regulado nesta ordenanza, será a que a continuación se relaciona:

Duración da actividade	Contía
Hasta 8 días	10,00 €
De 8 a 15 días	15,00 €
De máis de 15 días	20,00 €

Artigo 6.- Bonificacións

1.- De conformidade co previsto no apartado 2º do artigo 44 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, as cotas indicadas no artigo anterior, quedarán bonificadas nos seguintes casos:

Cando na mesma unidade familiar haxa máis dunha persoa participante, aplicaranse as seguintes bonificacións:

- A 2º persoa participante unha bonificación do 25%
- A 3ª persoa participante unha bonificación do 50%
- A 4º persoa participante unha bonificación do 75%
- As quintas e sucesivas persoas participantes dunha mesma unidade familiar quedarán exentos de taxa.

Deberán achegar libro de familia para acreditar este extremo.



Son membros computables da unidade familiar:

- As nais, país, titores ou titoras legais, fillas e fillos menores de idade, fillas e fillos maiores de idade con discapacidade e fillas ou fillos solteiras/os menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- No caso de divorcio ou separación legal da nai e o pai non se considerará membro computable aquel que non conviva coa alumna/o, agás nos casos de custodia compartida. Será membro computable, en caso de que o haxa, a nova ou o novo cónxuxe ou parella.
- Computarán por dous as persoas da unidade familiar (pai, nai, alumna/o e irmáns) cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos total, absoluta ou grande invalidez.
- Cando as persoas inscritas sexan beneficiarias de prestacións como RISGA ou prestacións similares, quedarán exentos de pago. Determinarase en cada actividade o número de prazas dispoñibles obxecto desta bonificación en función do tipo de actividade. Esta exención concederase polo Concello a petición da persoa interesada acompañado dos seguintes documentos:
- Copia compulsada da resolución da concesión do RISGA (ou prestación similar) e demais documentación, que no seu caso, sexa requirida polas persoas técnicas do departamento dos servizos sociais do Concello ou informe técnico desta institución ou unha análoga que poida acreditar a situación.
- Cando as persoas estean en situación puntual de emerxencia ou se consideren en risco de exclusión social quedarán exentos de pago. Terán que acreditar tal condición previo informe das persoas técnicas do departamento dos Servizos Sociais, dunha institución análoga ou de persoas técnicas acreditadas para certificar tal condición.

En todo caso, con independencia dos ingresos, as familias numerosas terán dereito a unha bonificación do 50% para a segunda e seguintes persoas da unidade familiar que participan na actividade.

A condición de familia numerosa acreditarase mediante copia compulsada do título de familia numerosa en vigor.

Artigo 7.- Normas de xestión

O prazo para presentación de solicitudes será o que oportunamente indique a convocatoria realizada polo Concello. As persoas interesadas en ser beneficiarias dos servizos mencionados presentarán na oficina Concello, a solicitude de inscrición nos modelos oficiais. Igualmente deberán comunicar calquera variación que se produza posteriormente.

O importe do prezo público deberá ser ingresado na entidade bancaria que se determine ao efecto.



Venres, 26 de xuño de 2020

Núm. 121

En ningún caso se procederá á devolución do importe ingresado, salvo que non se preste o servizo por causa imputable á propia administración municipal

A débeda poderá esixirse polo procedemento administrativo de prema.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En Mondariz Balneario, a 22 de xuño de 2020.

O alcalde.

José Antonio Lorenzo Rodríguez

